

VISITA FÁCIL AO MUSEO PAZO DE TOR



Pazo de Tor

Este pazo, ligado á liñaxe dos Garza desde o s. XIV, aínda que conserva algúns vestixios anteriores, data fundamentalmente do último terzo do s. XVIII. A última propietaria, dona María de la Paz Taboada de Andrés y Zúñiga (1910-1998), donouno á Deputación de Lugo en 1998. Inaugurouse como museo o 13 de xullo de 2006. Nas readaptadas construcións

adxectivas sitúanse agora outros espazos expositivos, ademais da Aula de Didáctica e da Biblioteca, que conserva máis de 3000 volumes con obras que van desde o s. XVI ao XX.

